



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O  
DIA DEZ DE XANEIRO DE DUOS MIL CATORCE**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA**

Dona María Loureiro García.(PSd G-PSOE)

**CONCELLEIROS**

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.María Isabel Rodríguez López( PSde G-PSOE  
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro( PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar( PSde G-PSOE  
D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)  
D.Cesar Aja Mariño,(P.P.)  
D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)  
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)  
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)  
Dona Cándida Mendez Salgado (PP)  
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG  
D.Manuel Galdo Dopico,BNG  
D<sup>a</sup>.Olaia Casas Chaves,BNG  
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

**SECRETARIA ACCIDENTAL**

D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera

**INTERVENTOR ACCIDENTAL**

**D. Sergio Aguado Delicado**

**EXCUSA A SUA ASISTENCIA**

**D.Guillermo Leal Arias, IVI**

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de xaneiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr.Interventor en funcións, D.Sergio Aguado Delicado, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada previa comprobación pola Sr<sup>a</sup>. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento dos asuntos contidos na Orde do día.



**1º.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DAS SESIONS EXTRAORDINARIAS DOS DIAS : 28 de outubro, 25 de novembro, 27 de novembro e 20 de decembro de 2013.**

Pola Sr<sup>a</sup>. Alcaldesa pregúntaselle aos Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer as actas das sesións extraordinarias celebradas os días: 28 de outubro, 25 de novembro, 27 de novembro e 20 de decembro de 2013.

Tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a estas sesións, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Non producíndose intervencións, o Pleno da Corporación asistente, por unanimidade, acorda aprobar as devanditas actas.

**2º.- PROPOSTA DA ALCALDIA PARA A FIXACION DAS SESIONS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACION.**

Conforme ao previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro,).

Por esta Alcaldía-Presidencia, dase conta da proposta pola que se establecían as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación cunha periodicidade mensual, o último xoves de cada mes.

Visto o Dictame da Xunta de Voceiros celebrada o 10 de xaneiro de 2014, e tendo en conta a proposta do Grupo Municipal do Partido Popular, para que as sesións do Pleno sexan celebradas o primeiro xoves de mes, en lugar de cómo viñan sendo, os últimos xoves de mes.

Non producíndose intervencións, seguidamente, pola Sr<sup>a</sup>. Alcaldesa, sométese a votación a proposta coa variación da data que pide o Grupo Municipal do P.P., e o Pleno da Corporación, por unanimidade, con dezaseis votos a favor, acorda:

1º.- Establecer as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación cunha periodicidade mensual, o primeiro xoves de cada mes, ás vinte horas e trinta minutos. Se a referida data coincidira cunha festividade local, autonómica, nacional ou doutro carácter celebrárase a dita sesión ordinaria no seguinte xoves.

2º.- Remitir anuncio para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

**3º.- PROPOSTA DA ALCALDIA DE NOMEAMENTO DE VOCEIRO**

Conforme ao previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 26 de novembro)

Por esta Alcaldía-Presidencia dase conta ao Pleno, para toma de coñecemento, da designación do Concelleiro e Tenente de Alcalde, D. Jesús Antonio Fernández Cal como



Voceiro do noso Grupo PSdeG-PSOE e de Dona Covadonga Viamonte Aguiar, como suplente única do mesmo Grupo..

O Pleno Corporativo acorda darse por enterado.

#### **4.º.-PROPOSTA DE ALCALDIA PARA NOMEAMENTOS NAS COMISIONS DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA**

Acto seguido, para o mellor estudo e preparación dos asuntos que han de someterse á aprobación do Ayuntamiento Pleno, por esta Alcaldía-Presidencia dase conta ao Pleno, para toma de coñecemento da proposta da Alcaldía, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, establécense a composición das seguintes comisións de estudo, informe e consulta:

##### **PRIMEIRO**

##### **Comisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal**

Titular.-D.Jesús Antonio Fernández Cal, (PSde G-PSOE)

Suplente.-Dona Covadonga Viamonte Aguiar , PSde G-PSOE)

##### **Comisión Informativa de Economía**

Titular.-Dona Covadonga Viamonte Aguiar, PSde G-PSOE)

Suplente.-D.Jesús Antonio Fernández Cal, (PSde G-PSOE)

##### **Comisión Informativa de Urbanismo,Infraestructuras,Obras e Medio Ambiente**

Titular.- D.Jesús Antonio Fernández Cal, (PSdeG-PSOE)

Suplente.-D. Vicente Hermida Rodriguez( PSdeG-PSOE)

##### **Comisión Informativa de Benestar Social**

Titular.- Dona M<sup>a</sup>.Isabel Rodriguez López, Psde G-PSOE

Suplente.- D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro Psde G-PSOE

##### **Comisión Informativa de Desenvolvemento Local**

Titular.- Dona M<sup>a</sup>.Isabel Rodriguez López

Suplente.- D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro

##### **Comisión Informativa de Cultura e Mocidade**

Titular.-Dona Covadonga Viamonte Aguiar

Suplente.-D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro

##### **Comisión especial de Contas**

Titular.-Dona Covadonga Viamonte Aguiar, PSde G-PSOE)

Suplente.-D.Jesús Antonio Fernández Cal, (PSde G-PSOE)

##### **Mesa de Contratación**

Titular.- D. Jesús Antonio Fernández Cal, (PSde G-PSOE)

Suplente.- D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro



**Xunta de Voceiros**

Titular.-D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE)

Suplente.-Dona Covadonga Viamonte Aguiar

**SEGUNDO**

Todas estas Comisións estarán presididas pola Alcaldesa-Presidenta, ou en quen delegue e estarán integradas por un representante de cada grupo municipal, que terán voto ponderado en virtude do número de concelleiros que representen.

**TERCEIRO**

Os membros destas comisións serán convocados e, no caso de que non poidan asistir, serán eles os encargados de avisar á persoa en quen deleguen.

O Pleno corporativo acorda darse por entarado

**5º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DE ALCALDIA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS**

O Excmo. Ayuntamiento Pleno quedou enterado das Resolucións da Alcaldía – Presidencia, de cuxo texto é o seguinte:

1.1).-“DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Tendo en conta o novo nomeamento e toma de posesión como concelleiro de D. Vicente Hermida Rodriguez, veño en decretar as seguintes modificacións na constitución da Xunta de Goberno Local e outorgar ao novo concelleiro a delegación de Area, que segue:

Polo que, esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCION:

PRIMEIRO.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local ó seguinte concelleiro:

D. Vicente Hermida Rodriguez

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa Dona María Loureiro García, quedando integrada por CINCO concelleiros:

D. Jesús Antonio Fernández Cal  
D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López



D. Carlos Gueimunde Cabaleiro  
D<sup>a</sup>, Covadonga Viamonte Aguiar  
D. Vicente Hermida Rodriguez

SEGUNDO.- En virtude dos cambios anteriores, remodelar os nomeamentos existentes como Tenentes de Alcalde, do seguinte xeito:

D.Jesús Antonio Fernández Cal, que estaba nomeado como 2º Tenente de Alcalde pasa a ser 1er.Tenente de Alcalde.

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>.Isabel Rodriguez López, que esta nomeada como 3ª Tenente de Alcalde pasa a ser 2ª Tenente de Alcalde.

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, que estaba nomeado como 4º Tenente de Alcalde pasa a ser 3º Tenente de Alcalde.

D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar, que estaba nomeado como 5ª Tenente de Alcalde pasa a ser 4ª Tenente de Alcalde.

D.Vicente Hermida Rodriguez, queda nomeado como 5º Tenente de Alcalde.

TERCEIRO.- Os presentes acordos de nomeamento , surtirán efectos dende o día seguinte a data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

CUARTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente ós concelleiros nomeados como Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local.

QUINTO.-Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Viveiro, 26 de decembro de 2013.- A ALCALDESA.-

### **1.2).- DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO**

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCION

PRIMEIRO.- Revogar a delegación outorgada na Area de Medio Rural e Medio Ambiente (Xardíns, zonas verdes, prazas, praias, xestións das políticas medio ambientais e medio rural, coa atención integral do mesmo) a D.Jesús Antonio Fernandez Cal.



SEGUNDO.-Nomear Concelleiro Delegado da Area de Medio Rural e Medio Ambiente (Xardíns, zonas verdes, prazas, praias, xestións das políticas medio ambientais e medio rural, coa atención integral do mesmo) a D. Vicente Hermida Rodriguez.

TERCEIRO.- En virtude das modificacións anteriores, quedan as delegacións do seguinte xeito:

**AREA DE OBRAS,CULTURA E TURISMO**

**Responsable da área, D. Jesús Antonio Fernández Cal.**

**OBRAS,SERVIZOS PUBLICOS E MAR**

Obras, alumeados, mercados, sanidade, cemiterio, ciclo da auga (subministro domiciliario, rede de saneamento e tratamento de augas residuais, depuradora), xestión de lixo, recollida domiciliaria e limpeza viaria e mar.

**Concelleiro Delegado: D. Jesús Antonio Fernández Cal.**

**CULTURA, MOCIDADE E TURISMO**

Cultura, OMIX, biblioteca, museos e salas de exposicións, teatro, cronista oficial, entroido, nadal, mercado renacentista, noites alternativas, oficina de turismo, desenvolvemento turístico, rutas de sendeirismo, representación nos organismos turísticos, políticas de acción xuvenil

**Concelleira Delegada: D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar.**

**BENESTAR SOCIAL**

Servizo de axuda no fogar, xantar na casa, información, orientación e asesoramento, programas de adolescentes en perigo de exclusión social, plan nacional de desenvolvemento xitano, taller de alzheimer e de memoria, bonobús, centros socioculturais e de maiores, convenio con Cogami e servizo de psiquiatría.

**Concelleira Delegada: D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López.**

**SEGURIDADE CIDADÁ E PROTECCION DA COMUNIDADE**

Policía Local, tráfico, seguridade vial, seguridade cidadá, grumir, protección civil e seguridade cívica.

**Concelleiro Delegado, D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.**

**AREA DE DEPORTES E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

**Responsable da área: D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro**

**DEPORTES,COMERCIO E DESENVOLEMENTO LOCAL**

Deportes, comercio, mercados, consumo, industria, formación e emprego.

**Concelleiro Delegado: D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.**

**AREA DE MEDIO AMBIENTE, EDUCACION MULLER, FACENDA E EMIGRACION.**

**Responsable da Area:D.Jesús Antonio Fernández Cal.**



**AREA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE**

Xardíns, zonas verdes, prazas, praias, xestións das políticas medio ambientais e medio rural, coa atención integral do mesmo.

**Concelleiro Delegado: Vicente Hermida Rodriguez**

**FACENDA, MULLER, EDUCACION E EMIGRACION**

Xestións e xeración dos recursos, intervención tesourería, recadación, contratación de obras, servizos, suministros, centro de información á muller, casa do emigrante, conservatorio profesional de música de Viveiro e atención ós centros educativos, gardería municipal.

**Concelleira Delegada: D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar.**

CUARTO.- Os presentes acordos de nomeamento, revogación de competencias delegadas e delegacións de competencias, surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

QUINTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente os concelleiros que ostentaban delegacións e lles foron rogadas e ó novo concelleiro-delegado.

SEXTO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Viveiro, 26 de decembro de 2013.-Asd<sup>o</sup>: A ALCALDESA.

O Pleno Corporativo acorda darse por enterado

1.3) DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear aos seguintes representantes nos colexios públicos e centros de ensino público:

**C.E.I. "SAN ROQUE": D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro**

**C.E.I.P. COVAS: D. Jesús Antonio Fernández Cal**

**C.P. SANTA RITA DE GALDO: D. Jesús Antonio Fernández Cal**

**CEP LOIS TOBIO. Dona Covadonga Viamonte Aguiar**

**C.E.I.P PEDROSA LATAS DE CELEIRO: D. Vicente Hermida Rodriguez.**

**IES IRMANS VILAR PONTE: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodriguez López**

**IES MARIA SARMIENTO: D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar**

**ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodriguez López**

**C.E.I.P. LANDRO. D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.**

SEGUNDO.- Dar conta do referido nomeamento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edito correspondente.



Mándoo e asínoo en Viveiro, a tres de xaneiro de dous mil catorce.- A Alcaldesa  
O Pleno corporativo acorda darse por entarado

## **Nº 6.- PROPOSTA DE APROBACION DAS DEDICACIONES EXCLUSIVA E PARCIAL.**

Dase conta da proposta da Alcaldía que é como segue:

“Dona María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro,

PROPON ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- A aprobación das seguintes retribucións:

A).-Dedicación exclusiva para a Alcaldesa, sendo a mesma retribución que percibía como Concelleira e Tenente de Alcalde, que ascende a 22.435,80 €uros/ anuais e actualizaráanse anualmente coa suba que ao respecto estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo.

B).-Dedicación parcial para a Concellería e Tenente de Alcalde-Delegada de Facenda, Muller, Educación e Emigración, sendo a mesma retribución que percibía e que ascende a 11.217,96 €uros/anuais., con unha dedicación mínima de 20 horas semanais.

Acordar a alta no réxime da Seguridade Social, sendo as aplicacións presupuestarias consignadas con 912.100 (retribucións básicas e outras remuneracións de órganos de goberno; e 912.160 en cuotas Seguridade Social de órganos de goberno.

SEGUNDO.- Unha vez aprobada polo Pleno do Concello publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Intervención e Tesourería para a súa tramitación.

CUARTO.- Sendo con carácter retroactivo dende a sesión celebrada o 20 de decembro de 2013.

Visto o Informe do Sr.Interventor e tendo en conta o informe de Secretaría, así o dictame da Xunta de Voceiros, pola Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa sométese a debate e non producíndose debate algún. Seguidamente sométese á votación e a Corporación Municipal, en votación ordinaria, con once votos a favor, obtendo a maioría absoluta do número legal de feito e que resultan ser: Seis votos do PSGdeG-PSOE (6); Tres dos concelleiro do BNG (3); Dous dos concelleiros do IVI, (2); e Cinco (5) abstencions, dos concelleiros do Partido Popular, ACORDA: prestar aprobación á proposta da Alcaldía en todos os puntos .”

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21 horas e quince minutos do día dez de xaneiro de 2014, extendéndose de todo o tratado apresente acta, da que eu Secretaria Accidental dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

A SECRETARIA ACCTAL,